





1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Arco Bergantiñán. Sector: Costa de Malpica. Concello: Malpica de Bergantiños. Parroquia: San Martiño de Cambre. Extensión: 0,71 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa acantilada potente e recortada, con paredes tendentes á verticalidade e cunha dinámica moi elevada, comprobable nas cicatrices que presentan abruptos e vertentes. As vertentes presentan un perfil convexo en fortes pendentes. As cimas que pechan a unidade están moi próximas á liña de costa e o desnivel é de máis de 200 m en menos de medio quilómetro. Inclúe o EIX Bufadoiros de San Miro.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unha macrodobra secuencia unha simetría de bandas que, de leste a oeste son: gneis alcalino precámbrico, anfibolita, materiais metamórficos Precámbrico-Silúricos da "Serie de Ordes", novamente anfibolita e finalmente gneis alcalino. As anfibolitas contan con enclaves alongados dos materiais metamórficos de "Ordes".

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Costa acantilada de ambiente climático Cálido e Húmido: temperatura media anual que non descende dos 14° C e unhas precipitacións acumuladas entre 1200 mm e 1400 mm anuais. A variación térmica ao longo do ano sitúase entre 12,5° C e 13,5° C.

OS SOLOS

Solos pouco desenvolvidos en vertente, en concreto umbrisoles dístricos. En Chan do Monte, a elevación costeira, a superficialidade rochosa e as pendentes superiores en vertente só permiten o desenvolvemento de leptosoles líticos.

AS AUGAS

A natureza acantilada da unidade con fortes pendentes e escasa prolongación continental dá lugar a unha rede fluvial pouco significativa. As augas verten na masa de Augas Costeiras da costa do Cabo Santo Adrián (20133).

O PATRIMONIO NATURAL

Litoral do IBA Costa da Morte. Gran parte da unidade está incluída no LIC Costa da Morte. É unha unidade de dominio acantilado e forestal, tendo grande importancia o hábitat 1230 de acantilados atlánticos. A grande dinámica destes dá lugar a acumulacións ao pé. Estas inclúen o hábitat 1210 de vexetación anual sobre refugallo mariño acumulado. Vertentes forestadas, só nalgúns sectores preferentemente próximos á parede do acantilado, presentan os hábitats de breixeiras secas (4030 e 4040). Na Devesa de Cambre quedan restos dunha antiga masa frondosa autóctona caducifolia (9230 e/ou 9260), nalgúns porcións puras e outra mixta. Entre ambas as dúas suman aproximadamente 5 ha.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na unidade aparecen representados tres tipos de coberturas diferentes. Entre estas sobresa unha gran masa de bosque de repoboación formado principalmente por especies perennifolias como o pinnus pinaster e algún exemplar de eucaliptus globulus intercalado. Estes monocultivos perden peso específico a medida que nos achegamos ao litoral ao verse afectado pola acción do spray mariño e os ventos oceánicos que limitan a súa propagación e desenvolvemento vertical. Entre as actividades silvícolas citadas aparece algún rodal de carballos de grande interese ecolóxico. Na zona máis próxima ao litoral dominan as matogueiras, que soportan mellor a gran carga de humidade salina do ambiente e adoptan unha forma pulviniforme que lles permite resistir mellor a acción do vento. Mencionar que o espazo dedicado aos cultivos é moi pequeno por mor das malas condicións topográficas para a práctica da agricultura.

MORFOLOXÍA

Dado o tamaño da unidade e as súas características, non existiron nin existen na actualidade asentamentos, xa que non se aprecia ningún tipo de edificación. Este feito esténdese tamén ao parcelario, xa que os monocultivos forestais e a colonización vexetal espontánea esfumaron completamente as pegadas de anteriores accións humanas.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A unidade non presenta unha rede viaria como tal. Tan só existe unha pista forestal paralela á costa, perfectamente integrada na paisaxe, que permite percorrer o litoral por riba da liña de acantilados.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Na unidade non existen restos arqueolóxicos que testemuñen antigos asentamentos humanos nin tampouco elementos patrimoniais recoñecidos

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade responde a unha organización natural, xa que o crecemento das especies está vinculado a variables topográficas que definen tanto o seu crecemento como a composición final da paisaxe. Predominan os aspectos naturais. A paisaxe natural permite ao visitante gozar dunha costa de vertentes excepcionalmente ben conservada que se asoma ao atlántico sobre unha parede de acantilados.

DINÁMICA DA PAISAXE

A mediados do século pasado a unidade estaba tapizada por un mosaico de parcelas, pradarías na súa maioría, que se foron abandonando por mor da escasa potencia e produtividade do solo e polas difíciles condicións do relevo que impedían o óptimo desenvolvemento dos cultivos. Estas parcelas foron reutilizadas para o cultivo de especies forestais como o piñeiro. Co paso dos anos, o piñeiro foi colonizando terreo a medida que se abandonaban novas terras ata chegar a cubrir o espazo que ocupa na actualidade. O crecemento espontáneo da vexetación esfumou a rede de sendeiros existente, que servía para acceder aos antigos campos de labor, deixándoa reducida a unha pista forestal que bordea a costa.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A unidade representa unha paisaxe tipicamente litoral cunha liña de costa recortada e moi pouco alterada sen presenza de edificacións que modifiquen a naturalidade da paisaxe. Estamos, polo tanto, ante un lugar que presenta unhas boas condicións ambientais e paisaxísticas de partida cunha fronte costeira incluída na Rede Natura 2000. Proponse como punto de observación a Punta dos Guichos, dende onde é posible observar toda a fronte costeira así como as ladeiras cubertas de piñeiros que descenden ata a parte alta dos acantilados. Dende aquí tamén se poden ver outros puntos da costa como o Illote de San Bartolomeu.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



